

ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO

CURSO 2009/2010

- **Duración do curso académico**

O período lectivo para o/a alumno/a abranguerá dende o día 2 de novembro de 2009 ata o 22 de xuño de 2010.

- **Períodos de inscrición**

1. Do 5 ao 16 de outubro, ambos os dous incluídos, abrírase o período de inscrición nas dependencias do Servizo de Educación en horario de 09'00 a 14'00 h. e de 17'00 a 20'00 h. de luns a venres.
2. Do 19 ao 22 de outubro, ambos os dous incluídos, realizaranse as entrevistas persoais para nenos/as e mozos/as e probas de acceso adultos/as..
3. O 26 de outubro publicarase na EMT de Vigo e na súa páxina web a listaxe dos/as alumnos/as admitidos para o curso escolar 2009/2010.
4. Do 27 ao 30 de outubro os alumnos formalizarán a matrícula
5. As clases comezarán o luns 2 de novembro.

- **Solicitudes e documentación**

Os/as solicitantes que desexen matricularse na EMT deberán cubrir o impreso de preinscrición e presentalo no Servizo de Educación (rúa Oporto nº 1-2º) durante o prazo de inscrición establecido.

- **Formalización da matrícula**

Os/as solicitantes de praza que resulten admitidos nas listas do día 26 de outubro, deberán formalizar a matrícula (para o curso no que se inscribiron) nas dependencias do Concello de Vigo, Departamento de Tesourería, entre os días 27 ao 30 de outubro.

Os prezos que deberán pagar os/as usuarios/as son os establecidos na Ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación de ensinanzas especiais e outras actividades en establecementos municipais (Ordenanza nº 40 ano 2009), coas exencións e bonificacións nela contidas. Estas son, para o ano 2009 as seguintes:

Matrícula.....	24'40 €
Mensualidade.....	21'20 €

- **Documentación**

Os/as solicitantes de praza que resulten admitidos nas listas do día 26 de outubro, deberán formalizar a matrícula (para o curso no que se inscribiron) nas dependencias do Concello de Vigo, Departamento de Tesourería, entre os días 27 ao 30 de outubro, de 09'30 a 13'30 h., aportando a seguinte documentación:

- ◆ Para alumnos/as menores de idade (niveis I a III)
 - ◆ Dúas fotografías
 - ◆ Certificado médico
- ◆ Para alumnos/as maiores de idade (nivel IV e formación de actores)
 - ◆ Dúas fotografías
 - ◆ Fotocopia do DNI
 - ◆ Certificado médico

- **Criterios de admisión:**

Os/as alumnos/as que desexen inscribirse na EMT deberán facer a correspondente solicitude atendendo ás seguintes condicións xerais:

c.1.- Criterios de admisión xenéricos para todos os niveis ofertados:

- ◆ Terán prioridade para acceder á Escola Municipal de Teatro os/as alumnos/as empadroados en Vigo.
- ◆ O número máximo de alumnos/as por grupo será de 20 e o número mínimo de 8.
- ◆ Os/as alumnos/as matriculados este curso escolar, terán preferencia na reserva de praza para o ano seguinte.
- ◆ Será necesario un certificado médico para poder acceder aos cursos de formación.
- ◆ As/os solicitantes dos niveis I ao IV e Punto teatral bilingüe, serán admitidos/as por rigurosa orde de inscrición tendo en conta que se programará un só curso por nivel e un máximo de 20 alumnas/os.
- ◆ Nos niveis I ao IV farase unha entrevista persoal a todos/as os/as solicitantes.
- ◆ No nivel IV as/os alumnas/os que teñan superado o curso terán acceso directo ao ciclo de formación de actores/actrices sen necesidade de facer proba de acceso.
- ◆ Para acceder ao ciclo de formación teatral os/as solicitantes terán que desenvolver unha proba de acceso. Esta proba consistirá na lectura dun texto teatral proposto pola EMT, e unha entrevista persoal.
- ◆ Os/as solicitantes de 17 anos en diante poderán permanecer dous anos na escola cursando dous niveis diferentes, reservando praza no segundo nivel para o alumnado que supero o primeiro nivel e cursado este último poderán acceder a realizar os cursos monográficos programados pola escola.

- Darase información dende o primeiro momento aos pais/nais e alumnos/as dos seus dereitos e obrigacións dentro da Escola Municipal de Teatro de Vigo: puntualidade, asistencia obrigatoria, normas de convivencia etc.
- Ao final do curso os/as alumnos/as recibirán un diploma acreditativo da súa asistencia, sempre que non sobrepassen o número de faltas permitidas.

● **Tramitación**

O Servizo de Educación do Concello de Vigo recollerá e organizará as solicitudes dos niveis I ao IV e dos niveis I e II da programación teatral bilingüe, por rigurosa orde de inscrición.

Nos niveis de formación de actores I e II, a comisión de baremación, tralas probas pertinentes, propondrá a lista definitiva de admitidos/as e estará formada por:

- ◆ O/A Director/a da Escola
- ◆ O/A xefe/a de Estudos
- ◆ Os/As profesores/as de cada unha das especialidades
- ◆ Xefe do Servizo de Educación
- ◆ Técnico do Servizo de Educación

CADRO XERAL DAS ACTIVIDADES FORMATIVAS PARA O CURSO 2009/2010

PROGRAMA DE FORMACIÓN TEATRAL PERMANENTE PARA NENOS/AS E MOZOS/AS

SECCIONS	CONTIDOS ELEMENTAIS	DURACION E HORARIO	REQUISITOS (Formalización de matrícula)
<p align="center">NIVEL 1 EXPRESION DRAMATICA I</p> <p align="center">6-8 anos CEIP VILLALaura</p>	<ul style="list-style-type: none"> • O xogo • Expresión corporal • Xogo dramático, xogos de roles e procesos de creación dramática • Construción e manipulación de monicreques • A representación 	<p>Duración: novembro a xuño</p> <p>Horario:</p> <ul style="list-style-type: none"> • 17:15 a 18:30 <p>Luns e mércores</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Certificado médico • Dúas fotografías • Facer efectiva a matrícula
<p align="center">NIVEL 2 EXPRESION DRAMATICA II</p> <p align="center">9-11 anos CEIP VILLALaura</p>	<ul style="list-style-type: none"> • O xogo preliminar • Expresión corporal • Xogos de voz • Xogo dramático, xogos de roles e procesos de creación dramática • A representación teatral 	<p>Duración: novembro a xuño</p> <p>Horario:</p> <ul style="list-style-type: none"> • 17:15 a 18:30 <p>Martes e xoves</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Certificado médico • Dúas fotografías • Facer efectiva a matrícula
<p align="center">NIVEL 3 EXPRESION TEATRAL</p> <p align="center">12-14 anos CEIP VILLALaura</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Xogos preliminares e de sensibilización • Expresión corporal • Expresión oral e lingüística • Recursos interpretativos • A representación teatral 	<p>Duración: novembro a xuño</p> <p>Horario:</p> <ul style="list-style-type: none"> • 18:30 a 20:00 <p>Luns e mércores</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Certificado médico • Dúas fotografías • Facer efectiva a matrícula
<p align="center">NIVEL 4 INICIACION AS TECNICAS TEATRAIS</p> <p align="center">15-16 anos CEIP VILLALaura</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Cultura teatral básica • Expresión corporal • Expresión oral • Recursos interpretativos • A posta en escena e a súa linguaxe dramática. 	<p>Duración: novembro a xuño</p> <p>Horario:</p> <ul style="list-style-type: none"> • 18:30 a 20:00 <p>Martes e xoves</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Certificado médico • Fotocopia do DNI • Dúas fotografías • Entrevista persoal de acceso • Facer efectiva a matrícula

PROGRAMA DE FORMACIÓN TEATRAL PERMANENTE PARA ADULTOS/AS

SECCIÓNS	CONTIDOS ELEMENTAIS	DURACIÓN E HORARIO	REQUISITOS
<p>FORMACION DE ACTORES I</p> <p>+ 17 anos EMT (Monte da Mina, 16)</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Cultura teatral I • Expresión corporal I • Interpretación I • Técnica vocal I • Análise de textos e da súa aplicación • A representación teatral 	<p>Duración: novembro a xuño</p> <p>Horario:</p> <ul style="list-style-type: none"> • 19:30 a 21:30 <p>Luns e mércores</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Certificado médico • Fotocopia do DNI • Dúas fotografías • Facer efectiva a matrícula • Proba de acceso
<p>FORMACION DE ACTORES II</p> <p>(+ 17 anos): alumnos que realizaron o curso do primeiro nivel ou persoas que acrediten experiencia previa equivalente (proba de acceso)</p> <p>EMT (Monte da Mina, 16)</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Cultura teatral II • Expresión corporal II • Expresión rítmico-musical • Interpretación II • Técnica vocal II e canto aplicado á interpretación • Análise da obra e da súa aplicación • A posta en escena 	<p>Duración: novembro a xuño</p> <p>Horario:</p> <ul style="list-style-type: none"> • 19:30 a 21:30 <p>Luns e mércores</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Certificado médico • Fotocopia do DNI • Dúas fotografías • Facer efectiva a matrícula • Proba de acceso

PUNTO TEATRAL BILINGÜE PARA NENOS/AS, MOZOS/AS

SECCIÓNS	CONTIDOS ELEMENTAIS	DURACIÓN E HORARIO	REQUISITOS
<p>NIVEL 1</p> <p>XOGO DRAMATICO BILINGUE Ready to play (galego/inglés)</p> <p>9-12 anos CEIP VILLALaura</p>	<ul style="list-style-type: none"> • O xogo preliminar (galego/inglés) • Expresión corporal (galego/inglés) • Expresión lingüística-articulación-dición-prosodia (inglés) • Xogo dramático, xogo de roles e procesos de creación dramática (inglés) • A representación (inglés) 	<p>Duración: novembro a xuño</p> <p>Horario:</p> <ul style="list-style-type: none"> • 17:15 a 18:30 <p>Martes e xoves</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Certificado médico • Dúas fotografías • Facer efectiva a matrícula
<p>NIVEL 2</p> <p>EXPRESION TEATRAL BILINGUE</p> <p>13-16 anos CEIP VILLALaura</p>	<ul style="list-style-type: none"> • O xogo preliminar (galego/inglés) • Expresión corporal (galego/inglés) • Expresión lingüística-articulación-dición-prosodia (inglés) • Recursos interpretativos (inglés) • A representación teatral (inglés) 	<p>Duración: novembro a xuño</p> <p>Horario:</p> <ul style="list-style-type: none"> • 17:15 a 18:45 <p>Luns e mércores</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Certificado médico • Dúas fotografías • Facer efectiva a matrícula